

A LINGUAXE MUSICAL

CREADO POR: RUBÉN VELOSO CARNERO



A linguaxe musical a través de musescore

Unidade 8:
textura musical.



A TRAVÉS DE MUESCORE



Creado por: Rubén Veloso Carnero.

Unidade 8: textura musical.

Unidade didáctica 8: textura musical.

1. - INTRODUCCIÓN:

A 8ª unidade chámase “textura musical” creada por **Rubén Veloso Carnero**.

Destinatarios: alumnado de 2º ESO. Esta unidade céntrase na aprendizaxe das texturas musicais, como se identifican visual e auditivamente, os tipos que existen, a súa importancia na música e a súa utilización.

Tamén se traballará na súa aplicación práctica ao contexto dun programa informático de edición musical chamado **Musescore**.

2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS:

- Coñecer diferentes tipos de textura.
- Diferenciar e identificar graficamente os diferentes tipos de textura.
- Valorar a importancia da notación musical como representación do feito sonoro.
- Escribir os diferentes tipos de textura a través de musescore.

3. CONTIDOS:

- ✓ Tipos de textura: horizontal e vertical.
- ✓ A monodia.
- ✓ Polifonía: textura homofónica.
- ✓ Polifonía: textura contrapuntística.
- ✓ Melodía acompañada.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

- Comprender e diferenciar visualmente entre monodia e polifonía.
- Diferenciar auditivamente entre monodia e polifonía.
- Comprender e diferenciar visualmente entre homofonía e contrapunto.
- Diferenciar auditivamente entre homofonía e contrapunto.
- Recoñecer e escribir os diferentes tipos de textura musical.

Unidade didáctica 8: textura musical.

5. COMPETENCIAS CLAVE A DESENVOLVER:

- **Competencia Lingüística:** o alumnado terá que traballar na linguaxe das diferentes texturas para poder entendelas e diferencialas.
- **Competencia Dixital:** a través da utilización da unidade e, sobre todo, á hora de manexar o programa musescore para a realización de actividades. Tamén se traballará a competencia dixital ao ter que descargar e utilizar diferentes tipos de arquivos: pdf, zip, mscz...
- **Aprender a aprender:** competencia traballada ao longo de todo o exelearning, de maneira que o propio alumno/a vai ter diferentes maneiras de acadar os seus obxectivos.
- **Conciencia e expresións culturais:** competencia adquirida pola propia materia, a música, pero tamén polo desenvolvemento das explicacións, actividades e traballos.

6. MATERIAL DO EXELEARNING:

- **Explicación teórica dos contidos** con imaxes, vídeos, audicións e partituras co fin de explicar os contidos. Todo baixo licenza **Creative Commons By-NC-SA**.
- **Exercicios prácticos:** en diversos formatos (pdf, zip...), arquivos de exemplos de musescore (.mscz), actividades IDevice interactivas e non interactivas do propio exelearning.
- **Actividade final** para avaliar o logro dos obxectivos didácticos e o grao de adquisición de competencias.
- **Vídeo titorial** de realización propia: para a explicación e axuda sobre os contidos da unidade didáctica, aplicados ao programa **musescore**.

A unidade divídese nos seguintes apartados:

- **Inicio.**
- **Tema**
 - Mapa conceptual.
- **Textura Monódica.**
 - Exercicio.
- **Textura Polifónica.**
 - Exercicio.
- **Homofonía.**
 - Exercicio.
- **Contrapunto.**
 - Exercicio.
- **Melodía acompañada.**
 - Exercicio audicións.
 - Exercicio audicións 2.

Unidade didáctica 8: textura musical.

- **Exercicio Musescore**
- **Documentos.**

7. REQUISITOS DO ORDENADOR/TABLET:

- **navegador web** recente e actualizado como Mozilla Firefox, Internet Explorer, Chrome, Opera, ou Safari, como soporte básico de toda a unidade.
- **Visor PDF** como adobe reader ou similar, para a visualización dos arquivos PDF.
- **Instalación do programa musescore:** software gratuíto dispoñible para windows, linux e mac.

<https://musescore.org/es/download>



A explicación da instalación do programa virá desenvolva no documento técnico.

- Programa para **descomprimir arquivos:** 7zip, winrar, winzip...

8. TEMPORALIZACIÓN.

Como a unidade está feita para alumnos/as de **2º da ESO**, para os que materia de música ten dous períodos lectivos á semana, é aconsellable unha temporalización de **6 períodos** lectivos para a súa realización.

Hai que ter en conta todos os problemas que nos imos atopar (ordenadores que non funcionan, falta de wifi ou da rede, falta do material...) polo que os **6 períodos** se axustan á realidade das actividades.


Unidade didáctica 8: textura musical.

9. INTERFACE: como calquera páxina web.




10. APARTADOS TÉCNICOS:

- **Baixar PDF:** teremos que premer na imaxe ou na palabra PDF (ou na imaxe PDF), que fará saltar unha ventá no noso navegador. Despois só teremos que darlle a **baixar** ou a **imprimir**, dependendo do que queiramos facer.



Unidade didáctica 8: textura musical.

➤ Reproducir vídeo:



➤ Reproducir música:



➤ Enlaces a vídeos explicativos:


<https://www.youtube.com/watch?v=AnroYeLHUrl>

Calquera dúbida de como descargar e instalar os programas, realizar tarefas, ou baixar os arquivos, diríxete ao **documento técnico** que ten esta mesma unidade ou na **unidade 9** onde estarán todos os tutoriais explicativos.

Unidade didáctica 8: textura musical.

11. ESTRUCTURA.

A primeira páxina vai ser a presentación da unidade:



Na páxina “**Tema**” teremos una pequena explicación:

Tema

Nesta unidade imos explicar que é a **textura**.

A **textura** é un dos elementos básicos da música que describe a relación entre as diferentes **voces** musicais.

Se fôsemos críticos de música poderíamos describila con termos tales como "espeso", "luminoso", "duro" ou "suave".



Pero que é a textura musical? Pois a forma de combinar os diferentes sons nunha composición musical.

Fixache nas seguintes partituras:

Et Je-sum, be-ne-dic-tum fructum ventris tu-i, no-bis
post hoc exsi-li-um os-tén-de. O cle-mens: O pi-a:

Unidade didáctica 8: textura musical.




The image displays a musical score for a piece titled "Kyrie eleison". It features five vocal parts: Soprano (S), Alto (A), Tenor 1 (T1), Tenor 2 (T2), and Bass (B1), along with a piano accompaniment. The lyrics are in French and Latin. The piano part includes various musical notations such as triplets and fingerings.

Ao finalizar a explicación saberás que tipos de textura é cada peza.

Haberá un “**mapa conceptual**” para entender mellor o tema:

Mapa Conceptual

A explicación do que imos traballar a partir de agora sintetízase nesto:



Unidade didáctica 8: textura musical.

Descarga e imprime



a imaxe neste



PDF porque seguro que o utilizas.

Na “**Textura monódica**” atoparemos:


Textura Monódica

Imos explicar pouco a pouco os diferentes **tipos de textura** que existen.

A textura dunha peza pode verse afectada **polo número** e o **carácter das súas partes** ou das **melodías** que entran en xogo.

Tamén do **timbre** dos instrumentos, das **voces**, da **harmonía**, do **tempo** e dos **ritmos** utilizados.

Vemos que a textura vai depender de moitos elementos, xa que nela se **condensa** a densidade do son.



Pero non te apures, que todo é máis fácil do que parece. Comezaremos polo **sinxelo**.



1. Textura monódica:

Consiste **nunha única liña melódica** interpretada por unha ou varias voces ou instrumentos que soan todos **ao unísono**. É a máis sinxela de todas, e foi a utilizada durante a Idade Media no canto gregoriano.

Et Je-sum, be-ne-dic- tum fructum ventris tu- i, no- bis

post hoc exsi- li- um os-tén-de. O ele-mens : O pi- a :

00:00 00:22

Unidade didáctica 8: textura musical.

A textura monódica ten exercicio:

 **Pregunta de elección múltiple**

Cales das seguintes partituras teñen **textura monódica**?

☐ 6. 
R e-gí-na cæ-li * læ-tá-re, al-le-lú-ia: Qui- a quem me-ru- is-ti portá-re, al-le-lú-ia:
V. *Alégrate, Reina del cielo; aleluya.* R. *Porque el que mereciste llevar en tu seno, aleluya.*

Re-xurré-xit, si-cut di-xit, al-le-lú-ia: O-ra pro no-bis Dé-um, al-le-lú-ia.

☐ 
Flute
Oboe
Clarinet
Horn in F

☐ 
Superius
Doul - ce mé - moi - re en plai - sir con som - mé -
La fer - me - té de nous deux tant ai - mé -
Contratenor
Doul - ce mé - moi - re en plai - sir con - som -
La fer - me - té de nous deux tant ai -
Tenor
Doul - ce mé - moi - re en plai - sir con - som - mé -
La fer - me - té de nous deux tant ai - mé -
Bassus
Doul - ce mé - moi - re en plai - sir con som - mé -
La fer - me - té de nous deux tant ai - mé -

Mostrar retroalimentación

Unidade didáctica 8: textura musical.


Na páxina “**Textura Polifónica**” comezaremos con:

Textura Polifónica

Textura Polifónica: supón a **combinación de distintos sons** de forma **simultánea**.

Cando hai dúas ou máis notas diferentes cantadas ou tocadas ao mesmo tempo, hai harmonía.

Cando as voces melódicas múltiples son independentes unha da outra, e ademais tamén o fan en ritmo e en melodía, imonos atopar coa textura polifónica.



Dentro dela atoparemos a **textura homofónica** e a **textura contrapuntística**.

Co seu exercicio:

 **Escribe nos ocas.**

Mira a partitura e escribe se é **monodía** ou **polifonía**.



Unidade didáctica 8: textura musical.

Sop. If ye love me, keep my com- mand- ments,

Alto If ye love me, keep my com- mand- ments,

Ten. If ye love me, keep my com- mand- ments,

Bass If ye love me, keep my com- mand- ments,

Inventio 1.



3 30

vés te-nu -e tant, Je voz cri- mer - ci en sous-pi- rant.

e Qu'a- mours ne m'o - ci e.

Ut queant laxis

GUIDO D'AREZZO



Ut que-ant la- xi- ta- re so- na- re fi- de- li- ta-
- re so- na- re, fi- de- li- ta- o- ra- ti- on- e.
sol- la- ti- ta- ti- on- e, so- na- re fi- de- li- ta- ti- on- e.

Unidade didáctica 8: textura musical.

Na seguinte páxina, “**Textura homofónica**” atoparemos:

Homofonía

Textura HOMOFÓNICA: é unha textura polifónica, onde varias melodías que teñen diferente altura nas súas notas seguen o mesmo ritmo.

Fixate no exemplo:

Señora de hermosura
(Cancionero de Palacio)

Juan del Encina (1469-1530)



Datos relevantes:

- Polifonía: ten varias voces.
- As voces teñen diferentes alturas, polo tanto diferentes notas.
- O característico da **homofonía**: as **notas van ao mesmo ritmo**.

Fixate agora no vídeo; porque seguro que se o escoitades e o vedes nun tempo, o entenderedes mellor.

<https://www.youtube.com/watch?v=AnroYeLHUrI>

O **exercicio** será o seguinte:

Exercicio

Muscore

Descarga e imprime  o seguinte  PDF e faino en **muscore**.

Desta maneira verás como se desenvolve a textura polifónica.

Acórdate de utilizar:

- **control+c**   para copiar.
- **control+v**   para pegar.

Unidade didáctica 8: textura musical.

Na páxina “**Contrapunto**”:

Contrapunto



Textura **Contrapuntística**: é un tipo de textura polifónica.

Ten **varias melodías** que teñen **distinta altura** (diferentes notas) e **distinto ritmo**.

Todas as melodías teñen a **mesma importancia**, aínda que algunhas delas sexan imitacións unhas das outras.

Un dos exemplos máis característicos deste tipo de textura é a estrutura tipo **canon**.



A polifonía contrapuntística tivo moita importancia no **Renacemento** e no **primeiro barroco**.



Mira agora o **seguinte vídeo** onde verás con cores as diferentes voces e como se crean.

Escoita a partitura e verás como parece que unha voz contesta a outra.

<https://www.youtube.com/watch?v=UNbVNVCw-to>

Unidade didáctica 8: textura musical.

E o exercício de esbilar nos ocos:



Textura



Textura

Unidade didáctica 8: textura musical.

7

Ju me le - ve_un bel mai - tin, ma - ti - ne - ta per la
Ruy - se - ñor, le ruy - se - ñor, fâc - te - me_a - ques - ta_em - ba -

Textura

15

S
lei - son, Ky - rie e - lei _____ - son, Ky - rie e - lei _____ -

A
_son, Ky - rie e - lei _____ - son, e - lei - son,

T1
8
son, Ky - rie e - lei _____ - son, Ky - rie e - lei _____ - son, e - lei _____

T2
8
_____ - son, Ky - rie e _____ - lei _____

B1
Ky - rie e - lei _____ - son, Ky - rie e -

B2
son, Ky - ri - e e - lei _____ - son, Ky - rie e _____ - lei - son,

Textura

Unidade didáctica 8: textura musical.

A páxina de “Melodía acompañada”:

Melodía acompañada

Melodía Acompañada: textura polifónica que consiste nunha **melodía principal** que soa sobre un **acompañamento realizado a base de acordes**.

Dita textura naceu no Barroco e foi moi importante no inicio da ópera no século XVII.

The image shows a musical score for a piece titled "Melodía acompañada". It consists of three systems of music, each with a treble and bass staff. The first system starts at measure 36 and includes a first and second ending. The second system starts at measure 43 and includes a four-measure rest. The third system starts at measure 50 and includes a trill. The bass staff is filled with chords, and the treble staff has a melodic line. The word "sostenuto" is written above the first system. There are asterisks and musical symbols below the bass staff.


Este tipo de textura é a que utiliza a música comercial que escoitamos habitualmente, na que a melodía que interpreta o cantante está acompañada de **acordes** das guitarras, baixos, teclados...

Bohemian Rhapsody

Freddie Mercury

The image shows a musical score for the song "Bohemian Rhapsody" by Freddie Mercury. It consists of three systems of music, each with a treble and bass staff. The first system starts at measure 1 and includes a key signature change. The second system starts at measure 7 and includes a key signature change. The third system starts at measure 12 and includes a key signature change. The bass staff is filled with chords, and the treble staff has a melodic line.

Unidade didáctica 8: textura musical.



No “**Exercicio Audicións**” haberá que escoitar as audicións e elixir a textura correspondente:

 **Pregunta de Selección Múltiple**

Que tipo de **textura** é a que soa a continuación?

▶ 00:00 00:29 🔊

- ☐ Monodía
- ☐ Polifonía: homofonía.
- ☐ Polifonía: Contrapunto.
- ☐ Polifonía: Melodía acompañada.

Mostrar retroalimentación

▶ 00:00 00:30 🔊

- ☐ Monodía
- ☐ Polifonía: Contrapunto.
- ☐ Polifonía: Melodía acompañada.
- ☐ Polifonía: homofonía.

Mostrar retroalimentación

▶ 00:00 00:31 🔊

- ☐ Monodía
- ☐ Polifonía: homofonía.
- ☐ Polifonía: contrapunto.
- ☐ Polifonía: melodía acompañada.

Mostrar retroalimentación

Unidade didáctica 8: textura musical.

No “**exercicio audicións 2**” haberá que escribir a textura:

**Escribe a textura**

Escoita con atención as audicións e escribe nos ocios a textura correspondente:

Monodía - Homofonía - Contrapunto - Melodía acompañada.

▶ 00:00 00:30 🔊

▶ 00:00 00:30 🔊

▶ 00:00 00:29 🔊

▶ 00:00 00:30 🔊

▶ 00:00 00:30 🔊

▶ 00:00 00:29 🔊

▶ 00:00 00:30 🔊

Enviar

Para rematar, o “**exercicio musescore**”:


Exercicio musescore



E para rematar, descarga e imprime  o seguinte  PDF e fai a partitura.

Pero proba a facela de xeito diferente. Intenta introducir as notas só co teclado, non utilices o rato.


Vou deixar o seguinte  PDF para que te axude, e tamén o seguinte vídeo.



Unidade didáctica 8: textura musical.

12.TUTORIAIS.

Na páxina “**Exercicio musescore**” atoparemos a axuda cun vídeo tutorial:



Unidade didáctica 8: textura musical.

13.DOCUMENTACIÓN.



Guía unidade 8: Textura musical.



Manual do usuario unidade 8: Textura musical.




Documento Técnico unidade 8 galego.



Documento Técnico unidad 8 castellano.

Unidade didáctica 8: textura musical.

14. IMAXES UTILIZADAS NA UNIDADE 8.



Autor da imaxe: Karen Arnold. Fonte: **Pixabay**.

<https://pixabay.com/es/photos/piano-teclas-de-piano-notas-m%C3%BAsica-317026/>



Autor da imaxe: OpenClipart-Vectors. Fonte: **Pixabay**.

<https://pixabay.com/es/vectors/de-impresi%C3%B3n-impresora-impresi%C3%B3n-159336/>



Autor da imaxe: Clker-Free-Vector-Images. Fonte: **Pixabay**.

<https://pixabay.com/es/vectors/pdf-documento-icno-signo-archivo-47199/>

Unidade didáctica 8: textura musical.



Autor da imaxe: Clker-Free-Vector-Images. Fonte: **Pixabay.**

<https://pixabay.com/es/vectors/del-rat%C3%B3n-equipos-tecnolog%C3%ADa-34688/>



Autor da imaxe: Friedrich Neumann. Fonte: **Pixabay.**

<https://pixabay.com/es/photos/libro-coral-m%C3%BAsica-neumas-679960/>



Autor da imaxe: 024-657-834. Fonte: **Pixabay.**


<https://pixabay.com/es/photos/trabajo-adicto-al-trabajo-escriptor-1627703/>



Autor da imaxe: cocoparisienne. Fonte: **Pixabay.**

<https://pixabay.com/es/photos/partituras-m%C3%BAsica-notenblatt-1457294/>

Unidade didáctica 8: textura musical.



Autor da imaxe: Gerd Altmann. Fonte: **Pixabay**.

<https://pixabay.com/es/photos/estr%C3%A9s-burnout-hombre-persona-3853150/>



Autor da imaxe: Bruno /Germany. Fonte: **Pixabay**.

<https://pixabay.com/es/photos/pulgar-hacia-arriba-pulgar-mano-1006172/>



Autor da imaxe: OpenClipart-Vectors. Fonte: **Pixabay**.

<https://pixabay.com/es/vectors/equipo-teclado-ordenador-de-casa-158770/>

Unidade didáctica 8: textura musical.



Autor da imaxe: Photo Mix. Fonte: **Pixabay.**

<https://pixabay.com/es/photos/tarea-para-el-hogar-el-estudiante-3235100/>